



Coordinadora  
Galega de ONG para  
o Desenvolvemento

**A cooperación ao desenvolvemento  
no  
Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da  
Comunidade Autónoma de Galicia para o  
ano 2010**

“A cooperación galega no lusco e fusco da crise”

Fonte: Parlamento de Galicia

Descarga: [http://www.parlamentodegalicia.es/sites/ParlamentoGalicia/ContenidoGal/pargal\\_Orzamentos.aspx#proxecto](http://www.parlamentodegalicia.es/sites/ParlamentoGalicia/ContenidoGal/pargal_Orzamentos.aspx#proxecto)



## 1. Introducción

O luns 19 de outubro foi presentado no Parlamento de Galicia o Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2010. Con este acto de presentación ante a Presidenta do Parlamento, iníciase o longo proceso de debate parlamentario que levará á aprobación dos devanditos orzamentos no pleno do día 22 de decembro de 2009.

O presente informe da Coordinadora Galega de ONGD ten por obxectivo analizar as partidas previstas no devandito proxecto de lei referidas á cooperación internacional ao desenvolvemento.

Nunha primeira valoración xeral, os orzamentos da 'austeridade', cun descenso global nos gastos da Xunta de Galicia do 0,4% con respecto aos orzamentos de 2009, van ter un impacto claro e definido no encrequenamento, unha vez máis, da cooperación ao desenvolvemento da nosa Comunidade Autónoma.

A razón principal da situación que denunciámos a seguir vén sendo a falta de vontade política e o limitado compromiso institucional da Xunta de Galicia coa erradicación da pobreza a nivel global.

Como ten denunciado publicamente a Coordinadora Galega de ONGD en anteriores ocasións, esta ausencia dunha decidida aposta pola cooperación ao desenvolvemento tense traducido na actual lexislatura nunha degradación do rango institucional da Cooperación Galega. Consonte ao actual organigrama da Xunta de Galicia, a cooperación galega fica coa categoría de Subdirección Xeral de Cooperación Exterior dentro da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, baixo a dirección do Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Administracións Públicas. Desde a derradeira lexislatura do Presidente Manuel Fraga, a cooperación galega tivera o rango de Dirección Xeral. Co goberno do Presidente Nuñez Feijoo o peso político da cooperación exterior ten volto a descender a niveis anteriores a 2001.

Así mesmo, no ano 2009 asistimos con grande preocupación e incomodo a unha redución significativa dos orzamentos destinados a cooperación ao desenvolvemento. Dentro do Plan de Austeridade promovido polo novo Goberno da Xunta de Galicia, e tal e como os representantes das ONGD galegas denunciaron na xuntanza ordinaria do Consello Galego de Cooperación ao Desenvolvemento (CONGACODE) celebrado o 28 de xullo de 2009, o Plan Anual 2009 da Cooperación Galega contempla unha redución en termos absolutos de 1.413.440,00€ da cooperación ao desenvolvemento executada por diferentes departamentos da Xunta. Isto é, un 10,9% menos do previsto no anterior borrador de Plan Anual enviado ás ONGD en febreiro de 2009. En relación á Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, a redución absoluta foi de 716.440,00€. Un 6,5% menos do previsto no anterior borrador.

Volvendo ao rego, os datos dos orzamentos 2010 da Xunta de Galicia relativos a cooperación internacional veñen consolidar unha tendencia da cal tivemos craros avisos ao longo deste ano. En síntese, velaquí a situación orzamentaria da cooperación galega ao desenvolvemento.

<b>Orzamento de Gastos da Administración Xeral</b>						
<b>Grupo de función</b>	<b>% Var. 2010/2009</b>				<b>Valor relativo</b>	
<i>Funcións</i>	<i>2009</i>	<i>2010</i>	<i>Importe</i>	<i>%</i>	<i>2009</i>	<i>2010</i>
33. Cooperación exterior ao desenvolvemento	11.664	9.748	- 1.916	- 16,4	0,1	0,08

(Miles de euros)

En primeiro lugar, gostaríanos denunciar un feito que nos semella chamativo. O orzamento considerado para facer a análise dos orzamentos correspóndese cunha distinta á que figura no Plan Anual 2009 da Cooperación Galega.

### Orzamento da Cooperación Galega

			% Var. 2010/2009		Valor relativo	
	2009	2010	Importe	%	2009	2010
Proxecto Orzamentos 2010	11.664.000	9.748.276	- 1.916.000	- 16,4	0,1	0,1
Cooperación exterior ao desenvolvemento						
Plan Anual 2009 (PP)	10.397.724	9.748.276	- 649.448	- 6,2	0,091	0,086
Dirección Xeral Relacións Exteriores						
Plan Anual 2009 (PP)	11.598.724	9.748.276	- 1.850.448	- 15,9	0,1	0,086
Total Xunta de Galicia						
Borrador Plan Anual 2009 (Bipartito)	11.114.164	9.748.276	- 1.365.888	- 12,3	0,097	0,086
Dirección Xeral Cooperación Exterior						
Borrador Plan Anual 2009 (Bipartito)	13.012.164	9.748.276	- 3.263.888	- 25,1	0,11	0,086
Total Xunta de Galicia						

Unha vez máis queremos denunciar o feito de que as contas públicas relativas á cooperación se presentan de forma confusa, de tal xeito que a comparación entre orzamentos de cooperación en 2009 e 2010 no *Proxecto de lei de orzamentos 2010* faise comparando o total do orzamento de cooperación xestionado pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores no 2010 co total da Xunta de Galicia en 2009. Ademais, esta última cantidade non se corresponde co previsto no Plan Anual 2009.

De todos os xeitos, salienta que se realizamos unha comparación semellante entre o total da Xunta de Galicia contemplado no borrador de Plan Anual 2009 e a cantidade xestionada pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores, a redución orzamentaria chega aos 3.263.888,00€, é dicir, un 25% menos do previsto inicialmente a comezos de 2009.

Atendendo sen máis ás cifras facilitadas polo proxecto de orzamentos, no ano 2010, a Xunta de Galicia ten previsto destinar a Cooperación ao Desenvolvemento, 9.748.276,00€ dentro do seu programa 331A, isto é, un 0,086% do orzamento da Xunta de Galicia para 2010.

## **2. Evolución do orzamento de cooperación ao desenvolvemento en Galicia**

De seguido, analizamos a evolución do orzamento de cooperación ao desenvolvemento en Galicia, mais atendendo en exclusiva ao orzamento xestionado pola Dirección Xeral da Xunta de Galicia que nos últimos anos tivo baixo a súa responsabilidade a cooperación exterior.

Este criterio de análise vén motivado pola dificultade, como xa dixemos, para coñecer as partidas destinadas a cooperación por outros departamentos da Xunta de Galicia nos orzamentos 2010 e ao contemplarse nos mesmos como función de gasto unicamente o orzamento da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE.

Esta análise do orzamento de cooperación ao desenvolvemento xestionado pola Dirección Xeral correspondente ten que encadrarse dentro do horizonte contemplado polo I Plan Director da Cooperación Galega 2006-2009 no cal se contiña o compromiso e vontade de acadar o 0'4% dos orzamentos da Xunta de Galicia ao final da lexislatura 2005-2009.

Gráfico 1





Gráfico 2



Como se observa nos gráficos axuntos, o orzamento de cooperación xestionado pola Dirección Xeral correspondente nunca acadou o 0'1% dos orzamentos da Xunta.

Se tomamos en consideración o criterio do 0'4 do I Plan Director as cantidades destinadas a cooperación exterior nestes últimos dous anos deberían de ter sido:

<b>E se tivesemos chegado ao 0'4 do orzamento? E ao 0'7?</b>				
	<b>Dirección Xeral</b>	<b>Orzamento total Xunta</b>	<b>Hipótese 0'4%</b>	<b>Hipótese 0'7</b>
<b>2009</b>	10.397.724	11.417.385.000	45.669.540	79.921.695
<b>2010</b>	9.748.276	11.371.002.000	45.484.008	79.597.014

Xuntamente coa hipótese do 0'4 do orzamento consolidado da Xunta de Galicia temos introducido a hipótese do 0'7 xa que no último ano, a Coordinadora Galega de ONGD reactivou publicamente a Campaña 0'7 co gallo das eleccións autonómicas de marzo e recentemente durante a Semana Galega de Mobilización contra a Pobreza 2009. Nesta semana, dentro da Campaña Pobreza Cero, as ONGD galegas procuramos sensibilizar á opinión pública e mais ás autoridades políticas, institucións, axentes sociais e económicos, etc., sobre a necesidade de promover a sinatura dun Pacto Galego contra a Pobreza a semellanza do Pacto de Estado contra a Pobreza, asinado o 19 de decembro de 2007 no Congreso dos Deputados por representantes dos partidos políticos con representación parlamentaria, entre eles o PSOE, PP e BNG.

O principal elemento vertebrador do Pacto é o compromiso firme e decidido de destinar o 0'7 da Renda Nacional Bruta no caso do Goberno Central e o 0'7 do orzamento consolidado a cooperación no caso da administración autonómica, provincial e local.

Se analizamos as cifras da cooperación galega na súa serie histórica descubrimos con abraio, indignación e tristeza que a reclamación para cooperación internacional do 0'7 do orzamento total consolidado da Xunta de Galicia revela un dato escandaloso: a cantidade destinada pola departamento correspondente da Xunta a Cooperación ao desenvolvemento desde o ano 1992 até 2010 é de 79.343.784,00€. É dicir, en 18 anos a Xunta de Galicia destinou á loita contra a pobreza tanto como debería de corresponderlle nun só ano (2009 ou 2010) se esta tivese cumprido coa recomendación feita pola 34 Asemblea Xeral da ONU aló polo 1980.



Ano	Orzamento Cooperación
1992	249.416
1993	300.506
1994	300.505
1995	292.121
1996	280.942
1997	456.167
1998	1.540.995
1999	925.498
2000	2.648.068
2001	2.869.195
2002	4.228.084
2003	5.034.284
2004	5.460.588
2005	6.198.079
2006	6.993.000
2007	9.372.343
2008	12.047.993
2009	10.397.724
2010	9.748.276
<b>Total</b>	<b>79.343.784</b>

Debemos sinalar, que a recomendación da ONU referíase ao 0'7 do PIB. Por este motivo, realizando un exercicio de imaxinación e para poñer de manifesto a profunda insolidariedade da Xunta de Galicia e do resto de administracións, institucións... galegas con responsabilidades no eido da cooperación ao desenvolvemento, de seguido presentamos as cantidades que corresponderían ao 0'4 e ao 0'7 do PIB galego se se destinasen a cooperación ao desenvolvemento.

#### E se tivesemos chegado ao 0'4 do PIB? E ao 0'7?

	PIB	Hipótese 0'4%	Hipótese 0'7
<b>2004</b>	44.749.951.000	178.999.804	313.249.657
<b>2005</b>	48.358.745.000	193.434.980	338.511.215
<b>2006</b>	52.456.741.000	209.826.964	367.197.187
<b>2007</b>	56.208.605.000	224.834.420	393.460.235
<b>2008</b>	58.830.062.000	235.320.248	411.810.434

Outro elemento interesante para reflexionarmos sobre a solidariedade galega coa loita contra a pobreza é espreitar o esforzo inversor da Xunta de Galicia en relación á poboación galega nos últimos anos. Logo, a cantidade destinada por habitante é:

<b>Orzamento da Cooperación Galega €/habitante</b>			
<i>Ano</i>	<i>Habitantes</i>	<i>Orzamento Cooperación</i>	<i>€/hab.</i>
2003	2.751.094	5.034.000	1,82
2004	2.750.985	5.460.000	1,98
2005	2.762.198	6.198.000	2,24
2006	2.762.524	6.993.000	2,53
2007	2.772.533	9.372.000	3,38
2008	2.784.169	12.047.000	4,32
2009	2.749.796	10.397.000	3,78

En termos comparativos, este esforzo inversor por habitante da Xunta de Galicia segue a ser o máis baixo de España en 2007 e 2008, só por diante de Murcia, aunque esta rexión destina o 0'12 do seu orzamento a cooperación.

De seguido, presentamos unha hipótese que revela que tería acontecido en termos relativos se a Xunta de Galicia tivese mantido o gasto en cooperación internacional, atendendo ao borrador do Plan Anual 2009 (Bipartito) e ao Plan Anual 2009 (PP) vixente.

#### **E se a Xunta de Galicia tivese mantido o gasto en cooperación internacional?**

	<b>Orzamento</b>	<b>Valor relativo orzamentos 2010 Xunta</b>
Hipótese 1: Orzamentos 2010 Plan Anual 2009 (PP)	10.397.724	0,091
Hipótese 2: Orzamentos 2010 Borrador Plan Anual 2009 (Bipartito)	11.114.164	0,097

Por último, na seguinte táboa presentamos o esforzo inversor da Xunta de Galicia para os vindeiros catro anos se o Goberno da Xunta asume o cumprimento do programa electoral do Partido Popular de Galicia para as eleccións ao Parlamento de Galicia, onde se afirma que *“alcanzar un 0’4% do presuposto da Xunta ao longo da próxima lexislatura pode ser un obxectivo razoable, desde a actual situación”*. Para realizar o cálculo mantemos unha suba do 0% dos presupostos da Xunta de Galicia para os vindeiros tres anos.

<b>E se queremos chegar ao 0’4 en 2012?</b>					
	<b>Dirección Xeral</b>	<b>Total Xunta</b>	<b>Hipótese 0’4%</b>	<b>Evolución anual</b>	<b>Valor relativo</b>
<b>2009</b>	10.397.724	11.417.385.000	45.669.540	- 1.650.000	- 14%
<b>2010</b>	9.748.276	11.371.002.000	45.484.008	- 649.448	- 6%
<b>2011</b>	21.660.186	11.371.002.000	45.484.008	+ 11.911.911	+ 222%
<b>2012</b>	33.572.097	11.371.002.000	45.484.008	+ 11.911.911	+ 155%
<b>2013</b>	45.484.008	11.371.002.000	45.484.008	+ 11.911.911	+135%

### 3. Os orzamentos 2010 da cooperación exterior ao desenvolvemento

Nesta apartado presentamos a distribución funcional do orzamento 2010 da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE relativo a cooperación ao desenvolvemento.

Advertir outra volta, que o orzamento 2009 refírese á totalidade da cooperación prevista de ser executada pola Xunta de Galicia, non só pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores.

<b>A Cooperación ao Desenvolvemento: Capítulos de gasto</b>						
<b>Distribución Funcional</b>	<b>% Var. 2010/2009</b>				<b>Valor relativo</b>	
	<i>2009</i>	<i>2010</i>	<i>Importe</i>	<i>%</i>	<i>2009</i>	<i>2010</i>
Función: 33. Cooperación exterior ao desenvolvemento						
Capítulo I: Gastos de persoal	550	454	- 96	-17,5	0,0	0,0
Capítulo IV: Transferencias correntes	6.569	5.939	- 630	- 9,6	0,1	0,1
Capítulo VI: Investimentos reais	605	355	- 250	- 41,3	0,1	0,0
Capítulo VII: Transferencias de capital	3.939	3.000	- 939	- 23,8	0,3	0,2

#### Capítulo I:

A partida de persoal redúcese en 96.000,00€ en relación a 2009, un 17,5% menos.

#### Capítulo IV:

En conxunto este capítulo redúcese un 9'6%, o que supón en termos absolutos 630.00,00 menos.

Dentro do capítulo IV o orzamento prevé as seguintes partidas:

1. A Fundación Axencia Humanitaria de Galicia conserva o seu orzamento de 2009 de 720.000,00€.
2. As Universidades Públicas da Comunidade Autónoma recibirán 170.000,00€
3. As bolsas de formación de posgrao en materia de cooperación internacional terán un gasto de 29.700,00€
4. A convocatoria de fortalecemento e sensibilización recibirá unha cantidade de 600.000,00€ cando no ano 2009 estaban previstos 650.000,00 dos cales se concederon 587.850,00€.
5. Destínanse a bolsas de formación en materia de cooperación internacional 197.460,00€, cando no 2009 se destinaron 227.160,00€.

Os gastos comprometidos nestas diferentes partidas suman 1.717.160,00€. En total ficarían por asignar 4.221.840,00, dos cales unha grande parte corresponderían á convocatoria de proxectos e programas no exterior.

No ano 2009, estas dúas convocatorias supuxeron unha cantidade de 5.514.554,72 cando estaba prevista unha cantidade de 6.000.000,00.

## **Capítulo VI**

Para o fomento da Cooperación, destínanse 355.283,00€, un 41,3% menos que en 2009, ou 250.000,00€ menos.

## **Capítulo VII**

Para o ano 2010, contémpanse 3.000.000,00€, un 23,8% menos que en 2009, o que en termos absolutos indica 939.000,00€ menos.

## **Capítulo IV e VII**

En termos relativos e tomados conxuntamente, o capítulo IV e VII perden en 2010 un total de 1.569.000,00€, un 33,4% menos con respecto a 2009.

No ano 2009 a convocatoria de proxectos, microproxectos e programas representou 5.540.401,43€.

Do capítulo IV habería unha cantidade que non logramos asignar de 4.221.840,00€ que sumados ao capítulo VII cos seus 3.000.000,00€ dan un total de 7.221.840,00€.

Se analizamos o gasto comprometido para o ano 2010, consonte ao PA 2009, en cooperación directa a Dirección Xeral ten comprometidos:

- Guatemala: 1.101.589
- República Dominicana: 396.828

Isto representa, un total de 1.498.417, que se o sumamos ao efectivamente concedido en convocatorias en 2009 –e baixo a hipótese de que se manteñan as cantidades concedidas- daría unha cantidade total de 7.038.818,43. Isto deixaría unha marxe de manobra á Dirección Xeral por valor de 183.021,57.

No cadro seguinte incluimos os gastos comprometidos para 2010 das diversas convocatorias da Dirección Xeral:

**A Cooperación ao Desenvolvemento: compromisos para 2010**

Convocatoria	2010		
	Capítulo IV	Capítulo VII	Total
Programas 2008	381.612,00	273.234,00	654.846,00
Programas 2009	428.646,61	339.509,76	768.156,37
Cooperación ONGD 2009	912.307,00	281.995,00	1.194.302,00
Cooperación Outros Axentes 2009	86.926,00	8.974,00	95.900,00
Sensibilización 2009	91.955,00	0,00	91.955,00
Fortalecemento 2009	105.912,00	0,00	105.912,00
<b>Total</b>	<b>2.007.358,61</b>	<b>903.712,76</b>	<b>2.911.071,37</b>

A falta de coñecer as explicacións e un desglose máis polo miúdo por parte da Dirección Xeral de Relacións Exteriores estes datos revelan diversas hipóteses de traballo:

1. Que a Dirección Xeral de Relacións Exteriores vai conxelar a súa cooperación directa, deixando no aire as accións de cooperación directa xa identificadas: Perú, Mozambique, Haití, Senegal...
2. Que a Dirección Xeral vai proceder a un recorte significativo das convocatorias, de tal xeito, que os 609.599,18€ detraídos nas convocatorias de programas e microproxectos este ano 2009 son irrecuperables.

## **4. A cooperación ao desenvolvemento noutros departamentos da Xunta de Galicia**

Como xa advertimos con anterioridade, as cantidades que o proxecto de lei de orzamentos 2010 coloca como liña de base en 2009 refírense á totalidade da cooperación exterior ao desenvolvemento executada pola Xunta de Galicia, para alén da Dirección Xeral de Relacións Exteriores.

De todos os xeitos, analizando outros departamentos da Xunta de Galicia localizamos as seguintes partidas que poden indicar algún tipo de cooperación exterior ao desenvolvemento.

1. A Consellería do Mar ten consignados 300.000,00 (6.4.0.6) a programas e convenios de cooperación pesqueira internacional. Esta cantidade está moi lonxe dos 682.000,00€ previstos no Plan Anual 2009.
2. A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, inclúe unha partida para o 'impulso da cooperación exterior no ámbito do desenvolvemento sostible' co fin de establecer 'convenios de cooperación exterior para a implementación do proxecto "núcleos de sostenibilidade". De todos os xeitos, non logramos localizar a partida destinada a estes convenios por ningures. Supomos que está incluída na partida xeral de cooperación exterior ao desenvolvemento. Ademais, no primeiro borrador do Plan Anual 2009 (Bipartito) estaba prevista a constitución do Núcleo de Sostenibilidade do Cantón de Pimampiro (Ecuador), cunha achega de 148.000,00€. No vixente Plan Anual 2009 (PP), a actuación desta Consellería vaise limitar aos programas iniciados en 2008 a través do FOGACOSOL, cun investimento en 2009 de 450.000,00€. Por outra parte, nos orzamentos 2010 inclúese unha partida de 50.000,00€ no programa marco de acción contra o cambio climático (7900) que



inclúe transferencias ao exterior. Sendo outra volta optimistas agardamos que sexan destinados a cooperación ao desenvolvemento.

3. Localizamos, dentro do orzamento 2010 da Consellería de Sanidade, unha partida de 8.000,00€ a través do Instituto de Salud Carlos III. Cremos que esta partida vai destinada ao fortalecemento do sector da saúde en Guinea Bissau. No ano 2009, a Consellería de Sanidade apoiou con 49.000,00€ a prevención de drogodependencias en Chile e Arxentina e con 20.000,00€ o fortalecemento do sector da saúde en Guinea Bissau.
  
4. Por último, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria conserva a convocatoria de Premio en Valores Democráticos, cun apartado dedicado á educación para a cooperación entre os pobos. De todos os xeitos, descoñecemos a cantidade exacta. No ano 2009 foi de 18.000,00€

## 5. Valoración final

1. Á altura do 2009, a situación orzamentaria actual vai impedir que Galicia realice unha contribución activa ao cumprimento dos Obxectivos do Milenio. O *Proxecto de lei de orzamentos xerais 2010* supón un ataque directo a calquera posibilidade de conseguir que a Xunta de Galicia se sume ao compromiso establecido no Obxectivo do Milenio 8, o que avoga e establece a asociación mundial polo desenvolvemento. Galicia non vai cumprir co seu compromiso e vai contribuír activamente ao agravamento da situación global de pobreza, exclusión e desigualdade.
2. A Campaña Pobreza Cero desde 2005 proclama cada ano que somos a primeira xeración capaz de erradicar a pobreza. A Xunta de Galicia semella non terse querido decatarse desta posibilidade, compromiso político e obriga moral nos últimos anos.
3. O ano 2009 pode ser considerado o 'annus horribilis' da cooperación exterior ao desenvolvemento da Xunta de Galicia. Entre o borrador do Plan Anual 2009 (Bipartito) presentado en febreiro de 2009 e o proxecto de lei de orzamentos 2010 (PP), teñen sido detraídos 3.263.888,00€, isto é, un 25% menos do previsto inicialmente.
4. A cooperación galega ao desenvolvemento fica no 2010 no 0,086% do orzamento da Xunta de Galicia.
5. Galicia continúa a ser, logo, a comunidade autónoma que menor porcentaxe de orzamento destina a cooperación a desenvolvemento.

6. O obxectivo previsto polo I Plan Director de acadar o 0'4 dos orzamentos no 2009 constitúe unha quimera imposible de acadar nos vindeiros dez anos ao actual ritmo de crecemento. Sinalar que o 0'7 do orzamento 2010 tería equivalido á totalidade da cooperación ao desenvolvemento nos últimos 18 anos (1992-2010)
7. Salientar que esta totalidade da cooperación ao desenvolvemento nos últimos 18 anos (case 80 millóns de euros), empregada para a erradicación da pobreza, representa tres veces menos do gastado até o momento na Cidade da Cultura, e case 6 veces menos do coste estimado final (476 millóns de euros).
8. Analizando as funcións de gasto dos orzamentos da Xunta de Galicia para 2010, descubrimos que a cooperación exterior ao desenvolvemento se sitúa como a cuarta función de gasto que maior recorte sofre no 2010 só por detrás de Cultura, Normalización Lingüística e as actuacións ambientais... Xa que logo, podemos resumir o recorte de gasto da Xunta de Galicia en: menos cultura, menos galego, menos medio ambiente e sostenibilidade e menos solidariedade e cooperación internacional.
9. Se atendemos ao contexto estatal, o Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2010 contempla unha redución de 400 millóns de euros en cooperación internacional ao desenvolvemento. Esta cantidade en termos relativos representa unha redución do orzamento do 8% en relación ao ano 2009. De todos os xeitos, e sendo conscientes da necesidade de acomodar os orzamentos á actual situación de crise, a redución da Xunta de Galicia do 16,4% en cooperación internacional ao desenvolvemento duplica a redución prevista polo Goberno de España, o cal a fai máis intolerable.
10. Por último queremos lembrar o lema da Campaña Pobreza Cero e que lle queremos transmitir con forza, convicción e carraxe ao actual goberno galego:  
**MÁIS FEITOS, MENOS PALABRAS. UNHA PROMESA NON ALIMENTA.** Neste



senso transcribimo o apartado dedicado a cooperación ao desenvolvemento do programa electoral do Partido Popular de Galicia ás eleccións ao Parlamento de Galicia 2009: “ 3.2.4. *Cooperación ao Desenvolvemento. A pesar do esforzo iniciado na lexislatura 2001-2005, Galicia continúa ocupando un dos últimos postos entre as Comunidades Autónomas en canto a achegas de axuda ao desenvolvemento. O goberno galego renovará o seu compromiso de solidariedade coas persoas e os países máis desfavorecidos para contribuír a alcanzar os Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio aprobados por Nacións Unidas no ano 2000. Neste sentido o fin último da Cooperación Galega ao Desenvolvemento será a loita contra a pobreza extrema e a fame, e favoreceranse actuacións para promover o ensino primario universal, a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a saúde e o desenvolvemento sostible. As medidas concretas que se propoñen para esta área de actuación son as seguintes: (...) Un compromiso presupostario que garanta o incremento progresivo dos recursos. Alcanzar un 0’4% do presuposto da Xunta ao longo da próxima lexislatura pode ser un obxectivo razoable, desde a actual situación”*

## **As miñas notas:**





